



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



CAMPIONATO PROVINCIAL SALMÓNIDOS LANCE

COUTO DE FORCAREY

RIO LÉREZ

06/05/2018

PROGRAMA

07:30 horas	Concentración dos participantes no BAR DA GASOLINEIRA DE CERDEDO.
09:00 “	Inicio da 1ª manga
11:00 “	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
11:45 “	Inicio segunda fase
13:45 “	Fin da 1ª manga.
14:15 “	Entrega de plicas e xantar no BAR GASOLINEIRA DE CERDEDO.
16:15 “	Inicio da 2ª manga
18:15 “	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
18:45 “	Inicio segunda fase
20:45 “	Fin da competición
20:45 a 21:15	Entrega de plicas

Feita e confirmada a clasificación, entrega de trofeos e peche da competición.

BASES

- 1) O deportista, calquera que sexa a subespecialidade obxecto da competición, só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de reposto.
- 2) Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ó control, deberá facer uso dunha sacadeira ou trueiro, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 122 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.
- 3) A adxudicación dos tramos farase por sorteo, feito en tempo e forma, para garantir a chegada a tempo, para o inicio da proba, de tódolos deportistas ós seus respectivos tramos. Os postos marcaranse no sentido da corrente (augas abaixo).
- 4) A reunión do Pescador co Control farase xunto á táboa que sinale o inicio do tramo, augas abaixo.
- 5) Material permitido:
 1. Canas. Libres, de uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).
 2. Carretes. De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria.
 3. Sedelas. Exclusivamente de monofilamento nos seus diferentes tipos e grosos. Non se permite agregar materiais distintos as moscas.
A boias ou buldós serán esféricos u ovoides, que permitan ou no o enchido ou vaciado de auga, estará exentas de recubrimento e estarán fixas a liña ou baixo de liña sen ser deslizantes e irán sempre frotando de modo que permitan claramente ser vistas.
 4. Cebos (Só culleriñas e moscas artificiais):
 - a) Culleriñas: xiratorias ou ondulantes simples en calquera das súas variantes e cun só anzol, pero sen plumas, pelos, la, etc.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



b) Un máximo de tres moscas colocadas indistintamente delante, detrás ou repartidas por encima ou debaixo do buldó.

Se permite:

- 1) Moscas lastradas, sempre que o peso escóndase dentro do revestimento y que este no poderá exceder da curva do anzol.
- 2) Un so adorno visible, que mida como máximo 4 mm na súa dimensión máxima.
- 3) Un máximo de tres moscas que estarán a unha distancia mínima entre elas de 50 cm. medidas de ollo a ollo, colgando libremente.

Non se permite:

- 1) As que desprendan colorantes ou olores,
- 2) Anzois con arponciño o que este fora totalmente inutilizado, sen rebaba, de modo que no ofrezca resistencia algunha o desanzoado.
- 3) As moscas nas que o corpo este moldeado de plástico, goma o silicona e as imitacións de vermes con estes materiais.

Cando as moscas estiveran dispostas por debaixo do buldó, o baixo nunca será superior a medida da cana en uso. Esta distancia pódese comprobar de forma efectiva estando situado o buldó na punteira da caña e a deradeira mosca colgando libremente no poderá superar o talon da cana.

c) Os anzois, tanto das moscas como das culleriñas deberán estar desprovistos de arponciño ou semellante, ou ben telo totalmente inutilizado, de xeito que non fagan resistencia algunha ó desanzoado.

- 6) Ó longo da proba, calquera control pode pedir o exame dos aparellos de pesca dun pescador. Prohíbese durante a competición, tanto a deportistas, como a controis, o uso de calquera medio de comunicación no posto de pesca (teléfonos, intercomunicadores, etc)
- 7) O deportista que non se presente, ou abandone a proba ou a acción de pesca, antes da hora oficial, perderá o seu dereito á clasificación e a continuar na proba.
- 8) Os **CATRO** primeiros clasificados obterán praza para o vindeiro campionato autonómico da especialidade.
- 9) Para calquera outra norma non descrita anteriormente aterémonos ó regulamento da FEPYC.
- 10) Serán capturas válidas as pezas de 17cms. ou mais, medidas dende o extremo da boca ate a punta da cola.
- 11) Data límite da inscrición **01/5/2018**. Será imprescindible ter a tarxeta federativa do ano en curso e mai-la licenza de pesca en vigor.
- 12) Os participantes que vaian participar neste Campionato provincial no poderán pescar no escenario do mesmo nos DEZ días anteriores a data de competición.
- 13) **É obriga de todos manter o río limpo, polo que o final de última manga tanto pescador como control terán que recoller as tabliñas e as cintas de marcado do tramo no que estean e entregalas á organización. O incumprimento desta norma, significará a non recollida das súas plicas.**

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

**Asinado: José Luís González Álvarez
Delegado da FGP en Pontevedra**